



FACULTADE DE CIENCIAS

PLAN

de

ACCIÓN TITORIAL

(Titorización, orientación e formación)

Curso 2017-18

Setembro 2017

ÍNDICE

Prólogo

I. Programa de Alumnos Tutores

- 1.- Descripción do programa
- 2.- Unidade organizativa responsable
- 3.- Cargos responsables
- 4.- Actividades a desenvolver
- 5.- Relación de participantes

II. Apoio Tutorial Extraordinario

- 1. Descripción do programa e actividades a desenvolver

III. Actividades de Orientación e Formación

- 1.- Obxectivos
- 2.- Unidade organizativa responsable
- 3.- Entidades colaboradoras externas
- 4.- Cargos responsables
- 5.- Actividades a desenvolver
- 6.- Relación de participantes

Prólogo

Nesta Planificación establécense as actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado na súa incorporación á Facultade e durante todo o período de estudos coa finalidade de favorecer a aprendizaxe o desenvolvemento do estudante e a orientación laboral.

I.- Programa de Alumnos Tutores

O alumnado titor é un estudante matriculado nunha titulación de grao do Centro, de 2º curso ou seguintes, que orienta e apoia ao novo alumnado que se incorpora ao centro, tratando de favorecer a súa integración.

Nunha 1ª etapa formase a este alumnado para que coñeza o funcionamento da USC. Na 2ª etapa estes alumnos dan acollida ao alumnado de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes estranxeiros (Erasmus e de intercambio).

1. Descrición do Programa

O **Programa de Alumnos Tutores** está dirixido ao estudiantado das diferentes facultades e escolas da USC que queiran exercer como tutores e titoras do novo alumnado que se incorpora a universidade.

Ademais das propias tarefas de tutorización, tamén terán encomendadas outras labores de colaboración na difusión da USC nos centros de ensino medio de Galicia, nas visitas guiadas que o alumnado de secundaria realiza ás instalacións da USC e noutras tarefas relacionadas co ensino medio que lle sexan encomendadas dende o seu centro polos coordinadores do Programa A Ponte, que tamén actuarán como coordinadores deste **Programa de Tutores**. A participación dos estudantes nesta actividade ten un recoñecemento académico de 6 ECTS.

Na Facultade de Ciencias este programa está dirixido ao estudiantado de 3º e 4º curso no Grao en Enxeñería de Procesos Químicos Industriais, e ao estudiantado de 2º e 3º curso do Grao en Nutrición Humana e Dietética.

O programa estruturase en dous cursos, o primeiro deles é un curso teórico no que se forma ó alumnado (alumnos tutores de primeiro ano) nas técnicas precisas para poder orientar aos estudantes de novo ingreso na USC. No segundo curso os alumnos tutores de segundo ano exercerán as labores propias de titor dos alumnos de novo ingreso.

A información relacionada e convocatoria para o bienio 2016-18 atópase nos seguintes enlaces:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/alumnostutores.html>

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/CONVOCATORIA-PROGRAMA-DE-TITORES.-CURSO-2016-17.pdf>

2. Unidade organizativa responsable.

Facultade de Ciencias.

3. Cargos responsables.

Decano Facultade.

Coordinadora do Programa de Tutores na Facultade de ciencias.

A persoa responsable da coordinación e organización de tódalas actividades relacionadas co Programa de Alumnos Tutores na Facultade de Ciencias, será Dona Rosa Mª Peña Crecente, profesora do Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía e Coordinadora do Programa A Ponte entre o ensino medio e a USC na Facultade.

4. Actividades a desenvolver

a) Recepción dos alumnos de novo ingreso e formación de grupos de contacto.

O primeiro día do curso académico os titores de segundo ano participarán na *Xornada de Presentación e Benvida* organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro de cada un dos graos. Daranse a coñecer e exporán os medios para que os alumnos de novo ingreso se poñan en contacto con eles cando necesiten que os axuden ou apoien. Os primeiros anos de realización deste programa organizábanse uns días a semana nos que os titores estaban nun local da facultade a disposición dos alumnos de primeiro, pero comprobouse que non acostumaban a facer uso destas “titorías”. Por isto dende hai dous anos se organizaron as titorías co emprego das novas tecnoloxías (grupo WhatsApp ou grupo Facebook alumnos de primeiro) e parece funcionar moito mellor.

Tamén na primeira semana do inicio do curso académico os titores participarán na *Xornada de benvida ao Campus Terra da USC*, acto de acollida no que, a través dos responsables e persoal dos distintos servizos, se presentarán ós alumnos de novo ingreso os programas e actividades lúdicas, culturais e de lecer que desenvolve a USC na sede universitaria luguesa.

b) Participación na difusión da USC nos centros de ensino medio de Galicia.

Os titores de segundo ano participarán nas actividades de difusión da Universidade de Santiago de Compostela nos centros de ensino medio, asistindo conxuntamente cos profesores ou co coordinador do *Programa A Ponte* a aqueles centros nos que sexa requirida a súa presenza ou nos centros nos que eles estudaron antes do seu acceso a universidade.

c) Participación nas visitas guiadas de alumnado de secundaria ás instalacións da USC.

Os alumnos titores de segundo ano participarán nas diferentes visitas guiadas que os alumnos de ensino medio realicen as instalacións da USC organizadas por o *Programa A Ponte*, tales como os “Encontros no Campus”, ou “Campus de Verán Xuvenciencia” e algunha outra visita dos centros de secundaria que se poda producir.

Tamén participarán nas *Xornadas Ciencia para xoves investigadores* organizadas pola Facultade de Ciencias para a promoción e divulgación das súas titulacións.

d) Publicación do Programa de Titores e selección dos alumnos de primeiro ano.

Nos meses de xaneiro/febreiro publicitarase entre o alumnado da Facultade a Convocatoria do *Programa de Titores* e participarase na Comisión de selección dos solicitantes, que estará

presidida polo Decano, o Coordinador do centro do Programa A Ponte e o Coordinador do Programa A Ponte no Campus Terra. Unha vez transcorridos os prazos e feita a selección dos alumnos interesados estes verán incluído no seu expediente académico esta actividade que será recoñecida con 6 ECTS ao seu remate, sempre e cando sexan avaliados positivamente.

e) Control das actividades realizadas polos alumnos titores.

O coordinador do Programa A Ponte na Facultade realizará, o longo dos dous cursos académicos que dura cada *Programa de Titores*, un seguimento da labor desenvolta e das memorias presentadas polo alumnado participante para emitir un informe que será tido en conta na súa avaliación por parte do Coordinador do *Programa A Ponte* no Campus Terra.

f) Outros

A Facultade participará en calquera outra iniciativa que implique ós seus alumnos titores proposta polo *Programa A Ponte* que supoña facer unha “ponte” entre os centros de ensinanza secundaria e a USC para orientar ós futuros estudantes universitarios.

5. Relación de participantes.

O persoal que vai colaborar nesta actividade, no presente curso académico inclúese a continuación:

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Rosa M. Peña Crecente	Coordinadora do Programa
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do centro
José Manuel Varela Castro	Secretaría do Decanato
Álvaro Grandío García	Alumno titor Grao en Enxeñería de Procesos Químicos Industriais
Karen Rodríguez Arias	Alumna titora Grao en Enxeñería de Procesos Químicos Industriais
Laura Iglesias Salvador	Alumna titora Grao en Enxeñería de Procesos Químicos Industriais
Pablo Varela Rodríguez	Alumno titor Grao en Enxeñería de Procesos Químicos Industriais
Lara Díaz Formoso	Alumna titora do Grao en Nutrición Humana e Dietética
Lucía Fernández Orizales	Alumna titora do Grao en Nutrición Humana e Dietética

II.- Apoio Tutorial Extraordinario

Actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC para axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades.

1. Descrición da Actividade.

O Plan de Titorización da Facultade de Ciencias inclúe un apartado dedicado ó **Apoio Tutorial Extraordinario**, para axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, e ten unha metodoloxía de aprendizaxe que se establecerá entre o profesor-titor e o alumno.

É unha actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC, e que é convocada anualmente pola propia Universidade, que establecerá os requisitos que deben cumprir os alumnos para poder solicitala, prazos de solicitude da mesma, actuación dos órganos que interveñen no procedemento (Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador, Centros, Uxa, Directores dos Departamentos e Profesores Titores), elaboración das Actas, etc.

Da cordo coa convocatoria, corresponderalle a Facultade de Ciencias dar traslado ás solicitudes recibidas ós departamentos e informalos de calquera consulta que teña que ver cos solicitantes e o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria anual.

A convocatoria para o curso 2017-18 atópase no seguinte enlace:

<http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/apoio.html>

2. Unidade organizativa responsable.

Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica

III. Actividades de Orientación e Formación

Dentro deste epígrafe enmárcanse todas aquelas actividades dirixidas a informar, formar, orientar e favorecer a aprendizaxe do estudantado, dende a súa incorporación na Facultade ata a finalización dos seus estudos e preparación para a futura vida laboral. Debido a isto, moitas desas actividades desenvólvense en colaboración con entidades externas e colexios profesionais.

1. Obxectivo.

Co obxectivo de favorecer a aprendizaxe e desenvolvemento do estudante así como de ofrecer unha orientación laboral axeitada, ao longo do curso académico levaranse a cabo unha serie de actividades de orientación e formación en colaboración coas organizacións profesionais directamente relacionadas coas titulacións impartidas na Facultade.

2. Unidade organizativa responsable.

Facultade de Ciencias.

3. Entidades colaboradoras externas.

- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)
- Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL)
- Fundación de Endocrinoloxía e Nutrición de Galicia (FENGA) - Sociedade Galega de Endocrinoloxía e Nutrición (SGEN)
- Consejo General de Dietistas Nutricionistas de España
- Asociación de Estudiantes de Dietética e Nutrición de Galicia (ADINU Galicia)
- Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL)
- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
- Clúster Alimentario de Galicia
- Concello de Lugo

4. Cargos responsables

Decano Facultade.

Coordinadores de Graos.

Coordinadores de mestrados

5. Actividades a desenvolver

a) Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD)

- Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFG.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do PRACTICUM.

- Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio en colaboración coa SRE (Servizo de Relacións Exteriores).
- Colaboración co **Concello de Lugo** no desenvolvemento de charlas nutricionais específicas e divulgativas por parte de alumnos e egresados do noso centro coa supervisión do profesorado e do Coordinador do grao. O programa de conferencias denominarase “*martes nutricionais*” e terá lugar tódolos martes as 19:30 horas no edificio reformado da antiga cárcere de Lugo. As charlas están destinadas ao público en xeral e contarán coa difusión tanto por parte do Concello de Lugo como da USC. Tamén se fará difusión a través das redes sociais.

Outra actividade coa que se colaborará co Concello de Lugo no curso 2107-18 e a coñecida como “*Almorzos saudables*” que ten lugar nos colexios da contorna lucense e na que dende o ano pasado participan alumnos do noso grao informando e formando ao mesmo tempo aos mais pequenos nas boas costumes nutricionais.

- No presente curso Académico tamén está previsto que o **CODINUGAL**, dentro do seu programa de formación, continúe celebrando na nosa Facultade, diversos cursos de formación específicos impartidos por profesionais e membros da xunta directiva do Colexio. No mes de decembro terá lugar o curso “*Como crear tu consulta de dietética*”
- Continuarase colaborando tanto con **ADINU Galicia** tanto na organización como no desenvolvemento de actividades específicas de formación e orientación dirixidas ao estudantado do Grao en Nutrición Humana e Dietética. Tamén se continuará colaborando con ADINU e co **Consejo General de Dietistas Nutricionistas de España** para a organización de diferentes actividades relacionadas coa celebración do “*Día do Dietista Nutricionista*” o 24 de novembro.
- Tratarase de continuar coa organización de conferencias específicas que baixo a denominación de “*Encuentros con el experto*” se levarán a cabo en colaboración coa **Fundación de Endocrinoloxía e Nutrición de Galicia (FENGA)** e a **Sociedade Galega de Endocrinoloxía e Nutrición (SGEN)**.

b) Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI)

- Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFG.

- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas susceptible de recoñecemento como créditos optativos.
- Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio en colaboración coa SRE (Servizo de Relacións Exteriores).
- Colaboración co **Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo** en diferentes actividades que se levarán a cabo tanto na Facultade como nas instalacións do propio COETIL:
 - Xornada de presentación do COETILUGO e de orientación laboral para exercer a actividade profesional como Enxeñeiro Técnico Industrial.
 - Xornada de presentación para a formación con Solidworks (relacionada coa materia de Máquinas e mecanismos.
 - Xornada de presentación para a formación con software e hardware de ARDUINO.
 - Xornada de formación impartida pola empresa **DAISALUX**, sobre “Conceptos fundamentales del diseño de la iluminación de emergencia en un edificio. Análisis cualitativo y desarrollo de un proyecto eficaz”.
 - Xornada de formación sobre Documentación Técnica e Normativa para o deseño e desenvolvemento de proxectos.

c) Mestrado en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental (MPRLeSM)

- Xornada de Presentación e Benvida para os estudantes de primeiro curso.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFM.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas.
- Colaboración co **ISSGA** e coa **SGPRL** para levar a cabo a realización do curso "*Avances en Ergonomía*", no que Participarán relatores especialistas do devandito instituto, ademáis de expertos en ergonomía de **Prevencontrol** (Oviedo), **Institut Catalá de la Salut** (Barcelona) e do **Hospital Universitario Lucus Augusti** (Lugo). Con este curso tratarase de proporcionar aos alumnos de último curso do MPRL una visión dos fundamentos técnicos básicos para o manexo de distintos métodos de avaliación de riscos ergonómicos.

- Colaboración coa SGPRL por la que esta Sociedade ofertará aos estudantes do mestrado asociarse sen custo, mentres se atopen matriculados no mesmo e cono tódolos dereitos que asisten aos socios numerarios.
- Colaboración coa SGPRL para levar a cabo actividades de formación e divulgación de interese común relacionadas cos contidos do mestrado.

d) Mestrado en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA)

- Xornada de Presentación e Benvida para os estudantes de primeiro curso.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFM.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas.
- Ciclo de conferencias para dar aos alumnos unha visión do mundo empresarial como preparación para a futura vida laboral. Relatores invitados: Carlos de la Cruz Garcia, Regulatory & Scientific Affairs Manager, **Nestlé Nespresso S.A.**, Lausanne (Suiza); Rafaelle Marrone. Dpto. Higiene y Control Alimentario; **Universidad Federico II de Napoles** (Italia); Coral Barbas, Centre of Metabolomics and Bioanalysis, (CEMBIO), **Facultad de Farmacia de San Pablo CEU**, Madrid; Vicente Calderón Pascual. Jefe de Área de Evaluación de Riesgos. **AECOSAN**, Madrid; Susana Seijas, **Supperstudio**, Agencia de publicidad, Madrid.

6. Relación de participantes

O persoal que vai colaborar nesta actividade, no presente curso académico inclúese a continuación:

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Carlos Herrero Latorre	Coordinador do Mestrado en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental (MPRL e SM)
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador do Mestrado en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA)
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais - Profesor do Dpto. de Enxeñaría Química
Jesús Casabiell Pintos	Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética - Profesor do Dpto. de Fisioloxía
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro – Responsable de Mobilidade do Centro
Carlos Amiama Ares	Coordinador do TFG - GEPQI

Angel Cobos García	Coordinador do TFG - GNHD
Ángeles Romero Rodríguez	Coordinadora de Prácticas Externas (PRACTICUM) – GNHD Coordinadora de Prácticas Externas - MINSTA
Nieves Muñoz Ferreiro	Coordinadora do TFM - MINSTA
José Manuel Varela Castro	Secretaría do Decanato
Concepción Gay González	Xestora do Centro